

---

## O estándar galego nas novas xeracións: entre o afastamento e a necesidade

---

Ana Iglesias Álvarez  
Universidade de Vigo

Xosé Álvarez García  
IES Torrente Ballester

Salomé Díaz Muñiz  
IES de Vilalonga

Data de recepción: 14/12/2016 | Data de aceptación: 11/05/2017

### Resumo:

Neste artigo abordamos a análise da percepción do estándar galego por parte das novas xeracións, en concreto, alumnado de cuarto da ESO, procedente de diferentes tipos de hábitat (rural, vilago e urbano). Na fase de produción dos datos recorremos á técnica cualitativa do grupo de discusión. Realizamos sete grupos formados por sete ou oito participantes cada un deles, de xeito que traballamos en total con 52 informantes. Estudamos en primeiro lugar como conciben o estándar e autoavalían a súa competencia nesta variedade, tanto a nivel oral como escrito. Ao descubrir que entenden o estándar, polo menos no caso do galego, como unha variedade estilística ou situacional, profundamos nesta cuestión no sentido da súa valoración sobre o uso: en que contextos consideran adecuado utilizar o estándar e en cales non e por que. Para finalizar, analizamos se as críticas tradicionais que recibía o estándar manteñen ou non a súa vixencia.

### Palabras chave:

Variedade estándar; autoavaliación; variación situacional; difusión, aceptación.

### Sumario:

1. Introducción. 2. Cuestións metodolóxicas. 3. Concepción do estándar por parte do alumnado. 3.1. Características do galego normativo ou estándar. 3.2. A necesidade dunha variedade estándar. 4. Autoavaliación da súa competencia. 4.1. Dominio do estándar da lingua galega. 4.2. Diferenzas con respecto ao estándar castelán. 5. Percepción de uso. 5.1. Estándar como variedade diafásica. 5.2. Emprego do galego estándar. 6. Actitudes fronte ao estándar. 6.1. Grao de identificación co estándar. 6.2. Críticas ao estándar. 7. Conclusións.

## ***The Galician standard in the new generations: between distance and necessity***

### **Abstract:**

*In this article, we deal with the analysis of the new generations' perception of the Galician standard variety, specifically students of 4th year ESO (equivalent to 10th grade) coming from different backgrounds (rural and urban areas). The qualitative technique of group discussion was used for data gathering. The participants were divided in seven groups of seven to eight individuals each, thus there was a total of 52 subjects. First, we analysed how they perceive the Galician standard variety and their competence of it, both oral and written. Once we found out that they understand the standard as a stylistic or situational variety, at least in the case of Galician, we delved into the issue taking into account its use: In which contexts its use is considered suitable or not and why. To finish the study, we analysed whether the traditional criticism that the standard variety has received is still valid at present.*

### **Key words:**

*Standard variety; self-assessment; situational variation; dissemination ; acceptance.*

### **Contents:**

*1. Introduction. 2. Methodology. 3. Students' perception of the standard variety. 3.1. Characteristics of prescriptive or standard Galician. 3.2. The necessity of a standard variety. 4. Self-assessment of students' competence in the standard. 5. 4.1. knowledge of the Galician standard variety. 4.2. Differences with the Spanish standard. 5. Use perception. 5.1. The standard as a register variation. 5.2. Use of the Galician standard. 6. Attitude towards the standard. 6.1. Level of identification with the standard. 6.2. Criticism of the standard. 7. Conclusion.*

## 1. Introducción

O proceso de estandarización da lingua galega é relativamente recente, sobre todo se o comparamos co da outra lingua cooficial da nosa comunidade, o castelán, e en xeral coas linguas románicas normalizadas<sup>1</sup>. A incorporación dunha lingua aos ámbitos formais e á escrita provoca inmediatamente a necesidade de elaboración dunha variedade estándar, que nace polo tanto para cubrir estas funcións. Esta situación obriga os falantes a reordenar o seu repertorio lingüístico, pois engade unha variedade ás xa existentes, que ademais non se trata dunha variedade calquera, senón que, a nivel social, o estándar resulta un “*primus inter pares*, que se distingue claramente de ‘dialectos non-estándares’” (Muljačić 1999: 12). Se ben desde o punto de vista estritamente lingüístico, non ten máis valor que calquera das outras variedades, desde o punto de vista social, precisamente por se asociar cos usos formais e escritos, o estándar percíbese como variedade de maior prestixio. Isto pode ter como consecuencia que os falantes tendan a asimilar a súa variedade ao estándar cun efecto de nivelación dialectal. Neste artigo, imos centrarnos no proceso de estandarización desde a perspectiva da súa difusión, aceptación e uso efectivo, que, en palabras de Lamuela e Monteagudo (1996: 263), “*presupone el consenso de la comunidad lingüística (o los sectores relevantes de ésta) acerca de los valores y criterios que subyacen a la constitución del idioma modelo, y conlleva el (re)conocimiento, adopción y utilización de las variantes estándar en los contextos para las que resultan indicadas*”. Isto é o que Haugen (1972: 178) denomina “*implementing language planning*”, que sitúa na última fase do proceso de planificación lingüística, tras a toma de decisións, e que define como “*a problem in language learning*” (1972: 179). Nas súas palabras “*the best planner is therefore the one who not only codifies but also produces text. For this reason authors are necessary in the case of a written language, just as speakers in the case of speech*”, isto é, para levar a cabo a fase de implementación precisamos de modelos aos que poder imitar.

Como todos os procesos de estandarización, o do galego non está exento de desacordos e polémicas. Centrándonos xa na época democrática, isto é, na etapa que Fernández e Monteagudo (1995: 161) denominaron “*galego estándar*”, o galego normativo “*oficial*” foi contestado por diversos sectores, de xeito que existía paralelamente a outras propostas (mínimos, máximos). Ademais, segundo recollen diversos estudos, a nivel social tampouco gozaba dun alto nivel de aceptación, sendo acusado de “*artificial, postizo, fingido, insípido, aséptico, forzado, etc.*” (Iglesias 2002: 207),

---

1 Por exemplo, a primeira gramática do español data do ano 1492, a do portugués de 1536 ou a do francés de 1530. Como sabemos, en cambio, no caso do galego temos que esperar ao Rexurdimento e ata o ano 1864 non encontramos o primeiro intento de elaboración dunha gramática para a nosa lingua. Consúltese B. Fernández e H. Monteagudo (1995) para unha revisión histórica do proceso de estandarización do galego.

e asociándose “cun estándar oral artificial e imposto” (González 2003: 86). Como explica Sousa (2003: 131-2), na selección do estándar galego seguiu-se un “modelo composicional”, que supón a “vontade de integración de tódalas variedades xeográficas” e, polo tanto, “un modelo de lingua normativa supradialectal”. Nas palabras deste autor: “o estándar resultante da aplicación deste modelo é en principio máis artificial, xa que non coincide con ningunha das variedades existentes, pero como contrapartida aspira a que os falantes de tódalas variedades lingüísticas se poidan sentir recoñecidos e implicados de xeito máis igualitario” (Sousa 2003: 133).

Por suposto, toda norma estándar é artificial, desde o momento en que é resultado dunha elaboración e planificación explícita e que é codificada a través dunha ortografía, gramática e dicionario. Trátase, polo tanto, “dunha construción ficticia que ten realidade como un esquema ou proxecto ideolóxico” (Moreno Cabrera 2010: 54). O que ocorre é que, no caso das linguas normalizadas, este proceso naturalízase, de xeito que a variedade escollida como estándar é presentada como superior ás demais por dereito propio (características intrínsecas). Como afirma Monteagudo (2003: 40):

Esta impresión é rotundamente falsa. Non existen estándares ‘naturais’: a estandarización é en todos os casos un aspecto específico dun fenómeno moito máis xeral, cal é o cultivo ou elaboración das linguas, un fenómeno que implica o control consciente e a manipulación deliberada dos recursos lingüísticos (...). Todos os estándares son, nese senso, produtos artificiais.

De aí que cumpra recordar que a característica de artificial se aplica a todos os estándares, como fai Moreno Cabrera (2010: 102) con respecto ao español: “O español como lingua estándar literaria é unha abstracción que ninguén fala”.

Porén, o rexeitamento social cara ao galego normativo parecía provir non tanto, ou non só, das escollas normativas en concreto, senón máis ben de como se levou a cabo a súa difusión, por exemplo a través da TVG, mediante uns locutores cunha fonética castelanizada (Regueira 1994, Dobao 1993), coa que polo tanto os galegofalantes non se sentían identificados (Iglesias 2002: 199, 212). Desta maneira, ao estrañamento que unha variedade nova como a estándar adoita producir nos falantes, sumábase o estrañamento provocado pola canle de transmisión, novidosa daquela, e mais por unha fonética ás veces allea, que se asociaba ademais coa lingua dominante durante séculos.

En calquera caso, trinta anos despois da primeira normativa oficial, coa aprobación no 2003 das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, conseguiu-se un estándar ratificado pola gran maioría dos sectores sociais, coñecido por este motivo como “normativa de concordia”. Como afirma Sanmartín (2009: 18), esta puido ser unha das oportunidades perdidas no proceso de normalización do galego, xa que

non se lle outorgou a relevancia debida, polo que non acadou a repercusión social que cabía esperar. Hoxe en día, transcorridos máis de dez anos, contamos xa con varias xeracións de alumnado que na súa formación académica estiveron expostas a un único modelo normativo (o citado do 2003 que continúa vixente). Como consecuencia, establecemos como hipótese que a relaxación do debate normativo puido contribuír a unha mudanza nas actitudes cara ao galego estándar, de xeito que a súa imaxe social mellorase nas novas xeracións.

Pretendemos, en definitiva, dar resposta ás seguintes cuestións:

- Como o alumnado asume e integra o estándar no seu repertorio lingüístico?
- Provoca o estándar un conflito identitario coas súas variedades locais?
- Tendo en conta que tradicionalmente, en ausencia dun estándar galego, era o castelán o que en moitos casos desempeñaba esta función, que papel xoga agora a lingua dominante?

Con este fin, levamos a cabo unha investigación na que escollemos como poboación obxecto de estudo o alumnado de 4º da ESO<sup>2</sup>. A parte empírica realizámola en abril de 2013, polo que se trata de alumnos e alumnas que comezaron a súa escolarización primaria precisamente no ano 2003 e por conseguinte xa recibiron toda a súa formación de lingua galega e en lingua galega no estándar vixente.

## 2. Cuestións metodolóxicas

Canto á metodoloxía, decantámonos por unha metodoloxía cualitativa, dado que o noso obxectivo non é medir a porcentaxe de ocorrencia dun fenómeno, senón establecer modelos ou padróns de comportamento, así como actitudes e ideoloxías lingüísticas tipo. En canto á representatividade numérica, ao máximo que podemos aspirar con esta metodoloxía é a establecer tendencias máis ou menos xeneralizadas, pero nunca poderemos concretar o seu grao de xeneralización. A pesar desta importante limitación, esta estratexia metodolóxica ofrece diversas vantaxes, principalmente un achegamento á realidade máis poliédrico. Escollemos en concreto a

---

2 Este estudo forma parte dunha investigación máis ampla que se realizou a través dun grupo de traballo de profesorado de secundaria, subvencionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no marco do Plan Anual de Formación do Profesorado. Levouse a cabo durante dous cursos académicos (2012-2013 e 2013-2014). No segundo curso integraron o grupo de traballo os profesores e profesoras: Xosé Álvarez García, Patricia Arias Chachero, Salomé Díaz Muñiz, Lidia Fernández Pastoriza, Valentina Formoso Gosende, Ana Iglesias Álvarez, Pilar Otero Cabarcos e Ana Rial Aparicio. No primeiro curso, ademais destes, tamén participaron: Mónica Martínez Baleirón, M<sup>a</sup> Xosé Fernández Casas, Xabier Campos Villar e Rafael Adán Rodríguez. A todos e todas queremos agradecer a súa contribución, que fixo posible que hoxe saia á luz este artigo.

técnica do grupo de discusión, pois o noso obxectivo radica no estudo dos discursos grupais e, como afirma Callejo (2002: 92), “o grupo de discusión é unha técnica máis próxima ó discurso informal ou espontáneo, que é onde teñen lugar os conflitos sociais”. Por isto mesmo, no que se refire ao estudo da competencia, o uso e as actitudes e ideoloxías lingüísticas, as técnicas grupais reducen en gran medida os efectos do fenómeno coñecido como “desexabilidade social” e permiten crear contextos moito máis naturalizados.

Perseguimos abranguer diferentes tipos de situacións sociolingüísticas:

- Ámbito con alumnado maioritaria ou totalmente galegofalante. Segundo os datos demolingüísticos dispoñibles, este ámbito correspóndese co hábitat máis rural.
- Ámbito no que se mesture alumnado galegofalante e castelanfalante, con múltiples variantes. Corresponderíase con centros onde convive alumnado procedente das cabeceiras das vilas (núcleo urbano) e de parroquias pertencentes ao mesmo concello pero que presentan xa características predominantemente rurais.
- Ámbito con alumnado maioritaria ou totalmente castelanfalante, correspondente coas sete cidades e as vilas máis grandes.

De todos os xeitos, a distribución entre estes tres ámbitos non foi equilibrada, pois interesábanos especialmente o contexto en que existe unha maior mestura entre castelanfalantes e galegofalantes, ao que lle demos un maior protagonismo. Recollemos na seguinte táboa os principais datos de cada grupo:

	Lugar de realización	Número de participantes	Tipo de hábitat	Perfil lingüístico
<b>Grupo 1</b> (8/4/2013)	Guitiriz (IES Poeta Díaz Castro)	7	Rural	Mixto
<b>Grupo 2</b> (8/4/2013)	Vilalba (IES Santiago Basanta Silva)	7	Vilego	Mixto
<b>Grupo 3</b> (10/4/2013)	Pontevedra (IES Valle Inclán)	7	Urbano	Castelanfalantes
<b>Grupo 4</b> (10/4/2013)	Pontevedra (IES Torrente Ballester)	8	Urbano	Mixto, con maioría de castelanfalantes
<b>Grupo 5</b> (15/4/2013)	Caldas de Reis (IES Aquis Celenis).	7	Vilego	Mixto
<b>Grupo 6</b> (15/4/2013)	Caldas de Reis (IES Aquis Celenis)	8	Vilego	Mixto
<b>Grupo 7</b> (15/4/2013)	Caldas de Reis (IES Aquis Celenis)	8	Rural	Galegofalantes

Cómpre aclarar que os grupos 5 e 6 resultaron entrevistas grupais e non grupos de discusión, xa que neles non se chegou a crear unha dinámica de debate espontáneo, senón que se desenvolveron en forma de pregunta-resposta. Foi o moderador o que tivo que ir introducindo todos os subtemas, e os informantes limitáronse a responder ás súas cuestións. En calquera caso, o feito de estar en grupo ofrece unhas oportunidades diferentes da entrevista individual. En palabras de Ruiz Olabuénaga (2012: 250): “El grupo potencia este trabajo (...), con lo que los sujetos encuentran una mayor facilidad y estímulo para descubrir, analizar y describir sus propias ideas, sus actitudes, sus experiencias y su conducta”.

### 3. Concepción do estándar por parte do alumnado

En primeiro lugar, cómpre aclarar unha cuestión puramente terminolóxica: os termos “estándar” e “normativo” empréganse en todos os grupos, aínda que aquel sempre é introducido en primeiro lugar polos moderadores e incluso nalgún caso os informantes manifestan non saber a que se refire esta denominación. Nun grupo (G4: 4) incluso aparece a denominación “normalizado” para referirse ao estándar. En calquera caso, o termo “normativo” é o que o alumnado utiliza con máis frecuencia e seguridade. Pero máis alá da terminoloxía empregada, resulta especialmente relevante que a cuestión da normativa xorde en moitos grupos desde as primeiras intervencións, xa nas propias presentacións dos informantes, o cal indica que se trata dun tema moi presente no seu discurso sobre as linguas.

Mod.: cóntanos... como é a túa relación coas linguas?

P.: boa boa [risas de todos] a ver falo o galego normalmente o galego de aquí non así o galego que estou falando agora como che explico? non falo o galego normativo (G2: 2)

En xeral, o alumnado participante na investigación presenta o estándar como a variedade correcta, o “gallego supercorrecto”, o estipulado pola RAG, o que “ensina a Xunta”, referíndose a ela tamén a través de cualificativos como galego “máis culto” ou “máis adecuado”:

Ro: o máis culto, normativo o máis adecuado (G6: 6)

Ed: intentas falarlle o máis normativo posible / Ro: máis correcto (G6: 8)

Mod.: cando se fala da variedade da variedade estándar do galego ou da variedade estándar do castelán sabedes a que a que nos estamos referindo cando se fala diso? que entendedes por variedade estándar?

C.: no sé

S.: pois por exemplo como se estipula por exemplo a Real Academia Galega que ten que falar galego (G4: 4)

O estándar percíbese como aquela variedade que se usa en ámbitos formais e de prestixio ou ben fóra do seu contorno, é dicir, como variedade de intercomunicación. Dentro dos ámbitos formais, o galego normativo aparece estreitamente vinculado ao ensino e á escrita, de xeito que a identificación entre escola e estándar é total: “en los libros el gallego está el gallego normativo” (G1: 5), “MA: = [o normativo] o sea / todo o que aparece no dicionario / non sei / como aparece no dicionario / ou así = N: = e nos libros do colexio (G7: 14)”. Polo tanto, para eles o estándar é o galego dos libros, o que che aprenden na clase, pois os profesores “aprenderanche o normativo / non che aprenderán algo que xa sabes falar desde pequeno”, como aclaran no G7 (15)<sup>3</sup>.

Así, o profesorado de galego convértese no máximo representante desta variedade. De acordo con isto, cando se lles pide que indiquen un modelo de uso adecuado do estándar, en varios grupos sinalan profesores e profesoras de galego (non doutras materias) e tamén nun caso (G2) un escritor consagrado, Agustín Fernández Paz, vilalbés como os propios participantes que o citan. Fronte a estes, en cambio, rexeitan a lingua da televisión por considerala de mala calidade, chegando a cualificala como “especial da televisión” (G2: 16), aspecto no que profundaremos máis adiante.

### 3.1. Características do galego normativo ou estándar

A principal característica á que recorren para definir o galego normativo ou estándar é a ausencia de castelanismos léxicos (“o normativo non ten castelanismos por iso é normativo”, G2: 19), substituídos por termos que eles non utilizan na súa variedade local e que son percibidos como máis cultos ou enxebres. Precisamente, a presenza dos castelanismos léxicos é o trazo fundamental que marcan para caracterizar a variante que contraponen ao estándar: o castrapo (véxase Formoso, Iglesias e Rial 2017: 267). Neste sentido, o estándar é para eles un galego puro ou “gallego gallego”, chegando a identificalo nalgún grupo (G2) co “galego ben falado”, aínda que en xeral os galegofalantes aclaran que o seu galego tamén está ben falado, como xa analizamos nestoutro traballo (Formoso, Iglesias e Rial 2017).

Así, ven o estándar como un modelo onde aprender léxico propio sen ter que recorrer a castelanismos: “por todo o que levamos dicindo pa ter máis coñecemento da nosa lingua e cando non sabes unha palabra na ter que dicir en castelán saber dicila en galega” (G6: 13).

3 Só aparece algunha visión discordante, pero de forma excepcional, por parte dun castelanfalante: “RM: yo realmente no diría que el estándar es el que se enseña en clase/ el estándar es el que se habla en teoría/ el más hablado más hablado”(G3: 8).



A outra característica que empregan para definir o estándar, de novo en negativo, é a ausencia de dialectalismos, aínda que neste caso, fronte ao anterior, non atopamos unanimidade. Neste punto, introducen un matiz interesante para diferenciar os castelanismos dos dialectalismos, distinción que nalgúns grupos aparece de forma moi clara. Por exemplo no G2 (vilego galegofalante), amósanse claramente partidarios de intentar evitar os castelanismos na súa fala (“no oral o que deberíamos substituír son os castelanismos”), pero non sucede o mesmo cos dialectalismos morfolóxicos, cos cales son máis permisivos (sempre no uso oral e coloquial): “no ámbito coloquial se ti es desta zona igual que un que fala con gheada a utiliza eu tamén poido dicir excursiós...» (G2: 7). Isto indica un certo orgullo da fala propia. Por outra parte, a demanda de maior flexibilidade do estándar á hora de “meter esos dialectos” tamén se repite nos grupos castelanfalantes (G3).

Dentro dos dialectalismos merecen especial atención dous trazos fónicos que se presentan nos grupos como especialmente marcados, a gheada e o seseo. De feito, Suárez Quintas (no prelo), no seu traballo sobre dialectoloxía perceptiva, conclúe que estes trazos dialectais son os máis significativos, no sentido de que posúen unha forte carga simbólica e contribúen a que os dialectos máis claramente indentificables sexan precisamente os do bloque occidental, valorados ademais como a variedade “menos correcta” por “un bo número de falantes”. No noso caso, á parte dalgunha valoración explícita claramente negativa (gheada e seseo como “patada a la lengua”), procedente dun castelanfalante urbano do bloque occidental (G3) e con prexuízos en xeral contra o galego, todos os grupos coinciden en situar estes trazos fóra do estándar. Así, por exemplo no G5 definen o estándar como un galego sen gheada e sen seseo, características que identifican, por contraposición, o seu galego local: “cuando falo cos meus avós ou suelo falar galego local é dicir utilizar gheada utilizar que non é normativo por así decilo” (G5: 6). Unha das xustificacións para rexeitaren no estándar trazos como a gheada e o seseo é que poden resultar estraños para os falantes que non pertencen ás zonas xeográficas onde se usan. En calquera caso, tal como indica Regueira (2013: 17), “de momento a lingua oral estándar segue a ser o galego con /g/, como se ve en case a totalidade das situacións en que se require o uso do estándar”, como poden ser os medios de comunicación, aulas, etc. É dicir, aínda que coincidamos con este autor en que o galego con gheada e seseo tamén debería ser usado no estándar oral e, polo tanto, utilizarse de maneira “normal” nos discursos públicos, a realidade é que “estes usos aínda se circunscriben a unha minoría reducida”, polo que non nos pode sorprender que os nosos informantes así o recollan.

De acordo coa definición do estándar como variedade sen dialectalismos, o alumnado estudado na nosa investigación afirma que o estándar non se fala “en ningún sitio” (G6: 4), polo que o conciben efectivamente como unha variedade supradialectal,

fronte ás “variedades” que serían “las que se emplean por zonas geográficas” (G3: 6). Nesta mesma liña, presentan o galego estándar como “unha mestura de todos os galegos de toda Galicia” (G4: 5). Así, afirmase que “nadie fala respectando as normas” (G6: 5). Esta mesma idea aparece no G7 (rural galegofalante), aínda que neste grupo si que identifican alguén que usa o estándar: a profesora de galego. En calquera caso, consideran que mesmo aquelas persoas, como os profesores, que en teoría usan o estándar, na realidade, fóra dos contextos formais, seguramente usarán a súa correspondente variedade local: “a miña profesora de galego / na clase si / pero despois cando fala comigo [...] tampouco me fala: [normativo]” (G7: 13); o cal sucede en maior ou menor medida en todas as linguas.

Nos grupos urbanos, insisten nesta idea pero desde unha perspectiva negativa, xa que, na súa opinión, cómpre aprender dous idiomas: o estándar, que non fala ninguén, e o non estándar, que é o que realmente se fala. De aí que identifiquen o normativo co que len e non co que escoitan, de xeito que simplifican a cuestión recorrendo á oposición escrita fronte oralidade, reducindo a este único criterio a oposición estándar / non-estándar: “todo lo que lees es normativo pero todo lo que escuchas no es normativo” (G3: 8).

RM: yo diría que el gallego no se puede saber perfectamente pues precisamente porque HAY un idioma para las clases que no habla nadie realmente y hay otro idioma que es el hablado/ entonces (G3: 22)

RM: yo a todos los gallegohablantes que conozco que hablan en todos los ámbitos en gallego el gallego normativo no lo conocen (G3:8)

Comparan esta situación coa que se dá no español con respecto ao andaluz, que presentan como unha das variedades españolas máis afastadas do estándar. En contraste, como xa analizamos noutro artigo (Formoso, Iglesias e Rial 2017: 237-8), a súa propia variedade de español, o “castelán de Galicia”, preséntana como moi próxima á normativa, polo que no caso do español non perciben esta disociación entre o que eles falan e o estándar<sup>4</sup>.

A pesar de todo o dito, nalgúns casos si sinalan algunhas variedades de galego como máis próximas á normativa, en concreto o galego de Santiago, no G1 e no G3, sempre por parte de castelanfalantes. O motivo desta asociación pode residir

4 Isto non quere dicir que a súa percepción coincida coa realidade, pois, como sabemos, o castelán de Galicia presenta toda unha serie de características dialectais propias e diverxentes do estándar (Moreno Fernández 2009: 123-124). Porén, neste artigo o que estamos a analizar son os discursos metalingüísticos dos informantes e, en consecuencia, non levamos a cabo unha descrición da realidade lingüística, senón da súa propia visión desta realidade. En calquera caso, os participantes no grupo si identifican características definitorias do castelán de Galicia, aínda que restándolles importancia (véxase Iglesias 2016: 119).

no feito de ser Santiago a capital de Galicia, pois o mesmo acontece co español e Madrid, ao identificaren tamén a capital do estado co estándar. A capital de Galicia como “ideal de corrección lingüística” do galego tamén aparece no estudo de Suárez Quintas (no prelo).

### 3.2. A necesidade dunha variedade estándar

En todos os grupos teñen conciencia de que é precisa unha variedade normativa, unha variedade común, que sirva como “base”, palabra que aparece na súa boca en varias ocasións:

L: (xx) seguir que se non se cada un falara o galego como quixera temos que ter un algunha base non?

J: ahí está si no hubiese unas normas cada uno hablaría el gallego como

M.: = como un galego pa todos (G1: 19)

Ma: (...) galego con máis base (G6: 3)

As funcións que atribúen á variedade estándar son varias. En primeiro lugar, preséntana como a variedade que permite a intercomprensión entre persoas de diferentes zonas xeográficas, “para que todo o mundo te entenda en Galicia”, debido a que non se empregan as mesmas palabras para as mesmas realidades en todas partes.

A.: sobre todo se estás falando con un pois que xa non é de aquí (si che sale mal) e ao mellor xa non te entende

A.: para que todo o mundo te entenda en galicia é como falabamos antes por ejem- por exemplo aquí dícese mazo por exemplo dos grelos e noutros sitios dícese: como era: / bueno dícese doutra maneira e non nos enten- (G2: 10, 23)

Ma: terás que aprender o galego máis normativo para saber defenderte se algún día tes que poñerte diante de alguén pois saberlle falar ese galego para que te entenda ben / está ben aprender (G6: 7)

Este argumento aparece na maioría dos grupos e lévaos a defender o seu uso naquelas comunicacións dirixidas a Galicia no seu conxunto, por exemplo as da TVG, como veremos con máis detalle na epígrafe 5.1. Sorprende que se incida nesta función do estándar, xa que realmente non hai problemas de comprensión entre as variedades do galego, polo que se trata dunha falsa crenza na que se aumenta a distancia lingüística entre as diferentes variedades xeográficas. Non podemos atribuílo á súa experiencia persoal, que lles sirva de contraste entre o que falan eles e o que se fala noutras zonas, xa que aparece mesmo entre os castelanfalantes. Así, no G3 (7) encontramos que

o estándar “es en el que te va entender la mayoría de la gente no vas a utilizar una variedad propia de tu sitio”. O mesmo sucede no G4 (7) por parte dun castelanfalante que afirma: “bueno así te entenderían todas las personas cuando vas por aí”. Tal vez sexa precisamente a falta de contacto coas diferentes variedades do galego a que provoque que se acentúen as súas diferenzas dialectais no imaxinario colectivo. De feito, as voces discordantes con este tipo de afirmacións proveñen sempre de galegofalantes, por exemplo no G5 un informante matiza estas afirmacións e asegura que el como galegofalante entende tamén as outras variedades: “a min seríame igual entendería as dúas maneiras porque eu crieime co galego de meus pais e normalmente falan con gheada e seseo e o estándar entendo igual tamén” (G5: 9).

A atribución dunha gran diversidade dialectal no caso do galego semella unha percepción que se mantén ao longo do tempo, pois xa aparecía en estudos previos (Iglesias 2002: 200, González 2003: 86). Porén, por exemplo no estudo de Iglesias (2002: 200), os informantes matizaban que esta diversidade en ningún caso impedía ou dificultaba a intercomprensión, senón ao contrario: “ti vas a:: onde vaias e te entendes con todo o mundo”. Polo tanto, aínda resulta máis sorprendente que os nosos informantes, máis dunha década despois, intensifiquen esta cuestión, sinal de que neste caso o seu coñecemento metalingüístico non aumentou, senón ao contrario. Cómpre aclarar que mentres aquel estudo abrangía a poboación maior de idade, o que hoxe presentamos céntrase nos adolescentes (estudantes de 4º da ESO), diferenza de idade que pode implicar menor coñecemento. En calquera caso, tamén debemos buscar os motivos no discurso elaborado na difusión do estándar, que talvez insista na característica da intercomprensión para xustificar a súa necesidade. Ademais, por exemplo desde a materia de lingua galega, afóndase nas diferenzas entre as distintas variedades dialectais, o que ocorre en moita menor medida no caso da materia de castelán con respecto a estoutra lingua. Non obstante, temos que recordar que as diferenzas entre as distintas variedades do español son moito máis amplas que entre as variedades do galego, como é de esperar debido á súa maior extensión territorial. Mais, como xa dixemos, aínda que os castelanfalantes recoñecen a existencia de variedades moi diferenciadas dentro do español, como o andaluz ou o español de América, ao mesmo tempo presentan a súa propia variedade de español (castelán de Galicia) moi próxima do estándar.

No G4 e no G6, ademais do argumento da intercomprensión, engaden o da necesidade do estándar para evitar que as diferentes variedades locais acaben derivando en linguas distintas. É dicir, conciben o estándar como un elemento cohesionador da lingua: “hai que poñer unhas normas, uns mínimos, unhas estándares / se non esto: sería... cada un falando como quixese, anos tras anos, acabaríamos falando linguas diferentes” (G4: 17). No G6 establecen ademais que o estándar é preciso como norma para que aprendan a lingua os estranxeiros:

Ma: pois está ben que sea... mellor que sea estándar porque ti se vas falando o galego local podes acabar derivando noutro galego, aí polo menos tes unha base e se algún día queres aprender a falar galego alguén que non sexa de aquí ten algo por onde mirar

MOD: o estándar non?

Ma: claro / está ben que se falen as dúas pero ter unha base a donde suxeitar (G6: 9)

Do mesmo xeito, no G4 aparece outra cuestión relacionada co estándar como elemento cohesionador, aínda que exemplificada a través do español. Afirmase que aprender a variedade estándar é máis fácil, debido a que é común a todo o territorio e, en consecuencia, isto facilita a mobilidade entre as diferentes zonas, por exemplo á hora de estudar. Desde este punto de vista, a existencia dun estándar preséntase como unha vantaxe:

se un alumno de galicia ten que irse a andalucía e as clases, os profesores, as dan e: nun castelán de andalucía, vaiche costar un pouquiño máis, entonces, creo que debería falarse nun estándar e ademais á hora de entenderse con xente a nivel de: digamos, de españa... se se aprenden as cousas nun estándar é máis fácil (G4: 14)

En relación coas clases, tamén se considera máis apropiado por razóns prácticas, para evitar ter libros diferentes en toda Galicia.

Como conclusión, encontramos unanimidade á hora de afirmar que é necesaria unha variedade normativa para a lingua galega, igual que existe para a castelá (e outras linguas). Argumentan que esta debe ser unha base que recolla un pouco de todas as variedades do galego (visión supradialectal do estándar), de xeito que permita a intercomprensión, aínda que algún galegofalante retruca que a comprensión entre as diferentes variedades do galego é total. Tamén se aducen de forma minoritaria outros argumentos, como a necesidade dunha norma para a aprendizaxe da lingua por parte das persoas foráneas, ou a súa importancia co fin de evitar a disgregación dos diferentes dialectos en linguas distintas.

## 4. Autoavaliación da súa competencia

### 4.1. Dominio do estándar da lingua galega

Os participantes nos grupos sitúan o seu dominio do estándar galego nun nivel bastante aceptable, aínda que encontramos diferenzas importantes entre a competencia oral e escrita, así como entre os galegofalantes e os castelanfalantes.

Con respecto aos galegofalantes, manifestan ter maior dominio do estándar galego na escrita ca na oralidade, onde son conscientes de castellanismos léxicos moi arraigados na súa fala, como son os exemplos de “tenedor” ou “cuchara”. É dicir, inciden no seu bo dominio do estándar galego, vinculado claramente con aquel que aprenden no ensino, pero, á hora de levalo á práctica, cústalles máis facelo na fala que na escrita. Isto débese a que os seus usos orais cotiáns da lingua están máis relacionados con ámbitos informais e nestes empregan unha variedade local, que denominan castrapo (Formoso, Iglesias e Rial 2017, Iglesias 2016). Polo tanto, consideran que coñecen o estándar galego aínda que lles custe empregalo na fala espontánea e mesmo rexeiten facelo en moitos contextos.

Así, no G1 (rural mixto), onde o tema da dificultade de falar galego “formal” xorde de xeito espontáneo, unha informante queixase de que usar o estándar lle resulta difícil, porque sempre se lle “cola” algún castellanismo: “o galego normativo (a ver eu intento facer o mellor posible) desde o meu criterio pero: é difícil porque sempre se cola algo do castelán (e iso)” (G1: 14). Neste mesmo grupo, unha castelanfalante engade que ela tampouco fala “castellano perfecto”, porque “meto muchos castrapeos”. Cando a moderadora introduce, explicitamente, a pregunta, as galegofalantes falan de certas palabras que lles resultan alleas á hora de falalo, por seren moi “enxebres”, e poñen o exemplo de garfo ou culler: “N.: = que o normativo ten palabras que son [así mui:]>/ L.: <[eu non digo garfo]/ M.: enxebres/ N.: exacto/ L.: por exemplo garfo eu non digo garfo / S.: (o decir) culler/ L.: claro” (G1: 13)

No G2 (vilego galegofalante), insisten de novo en que ao falar o seu nivel non é tan bo porque terían que pararse a pensar para rexeitar os castellanismos, substituíndoos pola palabra normativa correspondente. Teñen claro que o normativo é o que lles ensinan na escola, pero explican que hai unha certa eiva no seu dominio, debido a que descoñecen determinado vocabulario galego e outro provócalles estrañeza, aínda que, nun intento de minimizar a importancia disto, igual que ocorría no G1, matizan que esta eiva tamén se produce en castelán: “tamén hai algunhas do castelán que se non as escoitache nunca tamén se che fan raras” (G2: 3).

A.: si xx o normativo coñécese ben sobre todo se estamos dando clases e: é o que nos ensinan pero: sempre hai algunhas palabras que se che acaban escapando igual que: tamén se fai en castelán (G2: 3)

P.: o galego normativo pero é que nós se nos poñemos a falar galego normativo temos que pararnos a pensar e a falar (diferente) (G2: 19)

A.: tamén hai cousas do normativo que nos poñen algunhas palabras que... pónennos diante e dices e esto? dáste conta de que nunca escoitaches esa palabra hai algunhas que son moi raras (G2: 3)

En calquera caso, a súa autoavaliación con respecto ao dominio do estándar galego é positiva. Isto queda patente cando afirman que se consideran competentes para corrixir, por exemplo, a fala dos políticos (G2).

En cambio, no G6 (vilego galegofalante), recoñécense pouco competentes no galego estándar e traen a colación o contraste con respecto á situación de Cataluña, tópico moi habitual no discurso metalingüístico en Galicia, co fin de resaltar que na nosa comunidade, en comparación, a lingua propia está menos desenvolvida, neste caso con respecto ao nivel de coñecemento das correspondentes variedades normativas. Non obstante, cando se refiren á competencia escrita, afirman que o seu galego é “bo” ou “moi bo” (G6: 16). Polo tanto, observamos de novo a diferenza entre o dominio oral e escrito, aínda que neste caso a autoavaliación do galego estándar oral semella inferior ca nos dous grupos anteriores.

No G7 (rural galegofalante), afirman con total rotundidade que coñecen o galego normativo e que o empregan dun xeito razoablemente aceptable, matizando con respecto ao seu estándar: “non aí un moi culto moi culto pero bueno / máis elevado” (G7: 25).

Tamén resulta relevante a apreciación que engaden no G5 (vilego mixto), de teren un dominio normal para a súa idade, é dicir, expresan ser conscientes de que aínda se encontran nunha fase de aprendizaxe.

No que se refire aos castelanfalantes, o seu uso do galego é moi escaso, reducíndose case de maneira exclusiva á clase de galego, xa que en todas as demais situacións a lingua que empregan é a castelá. Polo tanto, a única variedade de galego que coñecen é a aprendida na escola, correspondente cun rexistro máis formal. Non obstante, para explicar o seu nivel de competencia en galego, no G3 indican que só é válido para manter unha conversa informal. Resulta curioso que, a pesar de accederen ao galego a través do ensino regrado, non consideren posuír un nivel suficiente para empregalo en ámbitos formais, posiblemente por asocialos con niveis de competencia máis altos, que eles, segundo a súa propia autoavaliación, non acadan: “te puedes desenvolver bien pero tampoco tienes un nivel altísimo/ eres capaz de tener una conversación informal con alguien pero sin ser un nivel muy muy bueno” (G3: 21). En resumo, sitúan o seu dominio nun nivel intermedio para a oralidade, porque xustifican que “realmente non é unha lingua que tampouco se practique todo o tempo” (G3: 21).

No G4 (urbano mixto), non se trata o tema do dominio do estándar do galego, a non ser para sinalar que dominan mellor o estándar castelán. Unicamente un dos participantes bilingües considera que fala mellor galego, aínda que non se refire exactamente ao estándar, senón en xeral, ao uso cotián da lingua.

## 4.2. Diferenzas con respecto ao estándar castelán

Na comparación con respecto ao castelán, nos grupos galegofalantes consideran que coñecen en maior medida o estándar do castelán que o do galego, sobre todo en relación con dificultades nas competencias de lectura e escritura, así como canto ao coñecemento das regras ortográficas. Consideran máis sinxelo o castelán, porque o aprenden no libro, mentres que o galego tamén lles entra pola “calle”, en referencia aos usos cotiáns espontáneos. De aí que, á hora de escoller un idioma para escribir, por exemplo nas redes sociais, algúns se decanten polo castelán, a pesar de ser galegofalantes ou bilingües. Fronte a estes, tamén hai informantes que recorren ao galego por concienciación, aínda recoñecendo que lles resulta máis difícil.

“L: é que eu na escrita pois como me resulta moito máis difícil o galego por exemplo nas redes sociais escribo sempre en castelán” (G1: 12)

“M: escribir en en castelán a min tamén me parece moito máis fácil [mirando cara a L] pero: escribo en galego [dando un golpe na mesa]” (G1: 13)

“Ro: eu creo que escribo mellor en castelán / Ma: si eu tamén / Ed: [ri] eu creo que escribo mellor en castelán xa que hai palabras que en castelán se acentúan e logo en galego poslle tilde cando non o levan” (G6: 17)

Algúns culpan desta situación ao ensino: “eu creo que desde o colexio nos ensinaron máis as regras [do castelán]” (G1: 20).

No G7 manifestan que no castelán hai máis sinónimos, mentres que en galego, cando coñecen dous termos co mesmo significado, un deles non é correcto no estándar, posto que é castelanismo: “cambiar esta palabra por esta/ en castellano non/ en castellano tes sinónimos podes decir esta ou esta” (G7: 28).

Pasando aos grupos urbanos, no G3, como monolingües en castelán que son, inciden en que é lóxico que dominen mellor o castelán que o galego, posto que é o que falan acotío, aínda que tamén aparece o argumento de que o castelán está máis definido.

RM: el del castellano porque yo creo que está más definido/ el estándar del gallego es un poco dependiendo de la zona también/(...) / V: = claro/ pero el castellano también es el que más conocemos o el que más empleamos porque la mayoría somos castellanohablantes es lo que más practicas es de lo que más sabes (G3: 9)

No G4 sinalan que o seu inferior dominio do galego vén dado polos modelos aos que están expostos, os profesores e profesoras que imparten as clases en galego, que, na súa opinión, tamén dominan mellor o estándar do castelán, como demostra o feito de que cambien a esta lingua cando descoñecen os termos en galego, situación



coa que se amosan moi críticos. Polo tanto, aparece tamén aquí a escola como culpable do peor dominio do estándar galego: “y bastantes profesores suelen hacer eso cuando no tienen términos para hablar en gallego de repente pasan al castellano luego vuelven otra vez al gallego / dan las clases así” (G4: 13).

Como conclusión, aínda que inicialmente a maioría dos grupos comeza sinalando o seu bo dominio do estándar galego, no momento en que comparan este co do castelán, manifestan a súa superior competencia nesta lingua, sobre todo na escrita. No caso dos galegofalantes, indican que a causa reside nas influencias do contacto diario cun galego que non é o normativo. Pola súa parte, os castelanfalantes fundamentan o seu mellor coñecemento do castelán no emprego deste idioma acotío. Polo tanto, no caso dos castelanfalantes, o uso cotián da lingua semella contribuír a mellorar o dominio do estándar, visión coherente co feito de considerar a súa propia variedade de español moi próxima á normativa; mentres que, no caso dos galegofalantes, o emprego do galego como lingua habitual preséntase como unha influencia negativa no dominio da variedade normativa, que se percibe como bastante afastada do estándar, como xa vimos debido á presenza dos castelanismos léxicos. Tanto uns coma outros argumentan tamén, en determinados momentos, que a norma do castelán está máis definida e é máis firme, o que favorece o seu dominio. Ademais, en ambos os casos sinalan o profesorado que imparte as materias en galego, que, na súa opinión, descoñece con frecuencia terminoloxía nesta lingua. Neste punto distinguen claramente o profesorado de galego daquel que utiliza esta lingua como vehicular noutras materias.

Por suposto, cómpre engadir que o contacto coa escrita do castelán é moi superior ao que teñen coa escrita en galego, que se reduce en moitos casos ao ámbito escolar e aos libros recomendados polo profesorado. O mesmo ocorre, por outra parte, coa oralidade, debido á maior presenza do castelán nos medios de comunicación, eventos, etc.

## 5. Percepción de uso

### 5.1. Estándar como variedade diafásica

En todos os grupos analizados son conscientes de que existen diferentes realidades lingüísticas—o estándar e o resto (variedades locais)—e fan depender o emprego dunha ou doutras do contexto, polo que as presentan como diferentes rexistros lingüísticos. Así, a variedade estándar aparece asociada a aqueles ámbitos considerados por eles máis formais, entre os que citan: o médico, a escola, o mundo laboral ou incluso

cando o interlocutor ostenta poder ou cando pretenden causar boa impresión. Estas situacións comunicativas sempre aparecen en oposición ao uso da lingua entre iguais (cos amigos ou compañeiros), ou no ámbito familiar:

“ti a un médico non lle vas falar como lle falarías a un amigo ou así” (G7: 11)

“yo no hablo igual en clase cuando me mandan dar una opinión como a lo mejor cuando cuando estoy con ella [referido á compañeira]” (G1: 14)

“si hablas con alguien que: tiene [...] un poder mayor/ no hablarías de la misma forma como hablas coloquialmente [...] eso sería un registro común lo otro sería un registro (...) en el ámbito laboral y eso vas utilizar el estándar” (G3: 7)

“eu que sei nunha entrevista de traballo ao mellor ou cando tes que expresarlle algo a todo o mundo / intentas falarlle o máis normativo posible” (G6: 11)

Insisten tamén na conveniencia de empregar o estándar nos usos escritos formais:

A.: y como hablamos de los documentos formales tú cuando estás tú cuando estás escribiendo un documento no lo vas a escribir como hablas aquí por tu pueblo sabes? pues intentas seguir la normativa porque es un =

M.: = como un galego pa todos =

S.: = es lo que decía es lo que decía antes antía tienes que diferenciar la situación de tengo que hablar un (pues un) idioma coloquial o un poco más / formal (G1: 20)

Tamén no G4 aclaran que na escrita non deben aparecer as diferenzas dialectais, do mesmo xeito que un andaluz non escribe en castelán tal como pronuncia.

Porén, o uso do estándar na escrita acábano estendendo a contextos que existen menor grao de formalidade, como poden ser as redes sociais. Así, como xa comentamos anteriormente, unha informante do G1 afirma escribir en castelán nelas porque manexa mellor a normativa desta lingua.

Nos grupos urbanos (G3 e G4), en cambio, apréciase unha certa confusión á hora de diferenciar as variedades en función dos contextos, xa que indican que na casa tamén falan estándar, en contraste co resto dos grupos, onde invariablemente se asocia a fala da casa, a fala familiar, coas variedades non-estándar: “yo creo que el registro estándar es el que empleas [...] en clase, en casa, cuando ves la tele y después las variedades son las que se emplean por zonas geográficas” (G3: 7). Isto pode responder ao feito de que os castelanfalantes urbanos na práctica só entran en contacto co galego na clase ou cando o escoitan na “tele”, galego normativo en consecuencia, polo que para eles o que non é estándar é o que falan outras persoas

noutros lugares. Non se trata tanto dunha confusión entre variedades situacionais e xeográficas como da constatación de que na zona xeográfica onde eles viven, na súa vida cotiá, non se emprega o galego máis que en ámbitos máis formais e polo tanto o estándar é a única variedade que coñecen, aínda que saben que noutras zonas si se usa un galego distinto do estándar.

Como xa vimos, o estándar aparece fortemente ligado ao ensino, aínda que, á hora de establecer se os profesores deben utilizar ou non sempre a variedade estándar, non encontramos unanimidade. En xeral opinan que si, como vemos no seguinte extracto:

pero nunha asignatura en galego onde nos están aprendendo por exemplo eu que sei as normas ortográficas a gramática e todo teoricamente deberíanse axustar a esas normas ortográficas a esa gramática (...)

P: debería ser equilibrado se no libro pon dunha maneira [...] e se o profesor o di eu que sei: e: normativo [...] pois o profesor que non faga mesturas que fale nunha uni- dunha única maneira (G5: 11)

Non obstante, en dous grupos aparecen posturas diverxentes. Así, no G4 (urbano mixto) o que se converte en líder do grupo admite que un profesor use a variedade local para facerse entender mellor. Tamén no G6 (vilego castelanfalante) son flexibles, xa que argumentan que, non sendo na materia de Lingua Galega, nas outras o que importa é aprender os contidos desa materia e non cuestións lingüísticas. Neste sentido, como xa se indicou, é importante destacar que se percibe inseguridade por parte do profesorado (de materias diferentes á de lingua galega) con respecto ao uso do galego, cousa que non ocorre no caso do castelán.

En canto ao emprego na televisión, tampouco hai acordo total. A opinión maioritaria considera necesario o uso do estándar baixo o argumento de que se trata dun medio destinado a toda a poboación e, polo tanto, esta é a maneira de asegurar a comprensión e que todos e todas se sintan identificados. Como afirman no G5 (vilego mixto):

L: [...] en el telediario que se utilice el estándar porque [...] si el telediario hablase con seseo los que no hablasen con seseo [...] igual no: gustaba

T: no se identifican [...]

M: eu creo que débese falar tamén estándar porque (eu que sei) o telediario é unha cousa que chega en común a moita xente e debe haber unha: unha única maneira de falar tamén en galego pa: que todo o mundo o entenda non que nun telediario falen con seseo noutro con gheada hai que falar non sei nun telediario presentar unha noticia dunha maneira obxetiva non hai que: falar así cada un sóese buscar o máis preciso posible (G5: 7)

En cambio, tamén xorde algunha voz que reivindica o uso da variedade propia mesmo nun contexto público como o da televisión, por exemplo, por parte do líder no G4. Repárese en que se trata do mesmo informante que defendía o uso da variedade non-estándar por parte do profesorado:

T.: eu penso que si traballa na televisión tería que ter un galego máis ben culto e non ter dun sitio a forma de falar / por exemplo se é de Vigo pois que intente falar mellor para a xente que vai ser de Lugo ou de Ourense e que non teñen esa forma de falar [...]

S.: pois [...] eu sendo de Pontevedra enténdolle igual a un de de Lugo ou así que dicen pantalois (G4: 9)

No mundo da política sucede algo parecido. Por un lado están os que opinan que os políticos, en canto representantes xerais, deberían empregar a variedade estándar e por outro os que son máis permisivos cando se trata de políticos locais, dos cales aceptarían que se expresasen na variedade da súa zona: “pero eu estou falando dos políticos deberían usar o estándar para falar ante todo ante toda a zona / pero se vai falar cos da súa zona pode falar na súa variedade” (G4: 16). Tamén aparece a idea do uso do galego local como máis auténtico, motivo polo que xustifican o seu emprego por parte dos políticos: “tú ves a un político hablar [...] su forma de gallego sabes? como que lo personaliza pero si siempre ves que habla en normativo dices tú [...] lo habla para quedar bien [...] pero después en privado habla su forma entonces sería un poco hipócrita no sé” (G5: 14)<sup>5</sup>.

## 5.2. Emprego do galego estándar

En canto ás situacións nas que realmente os informantes recorren ao galego estándar, a maioría reconece que non o emprega nunca ou en casos illados. Coinciden en que o utilizan na clase, principalmente na de Lingua galega, e sobre todo se se trata de usos escritos. Ante a petición de exemplos concretos por parte do moderador, indican ámbitos formais e escritos, como enviar un traballo por correo, como din no G6, ou escribir unha carta ao director, como declaran no G7. Pero hai que ter en conta que dan esta resposta cando o moderador lles pide que concreten algún exemplo no que o utilizarían, o cal non significa que o empreguen realmente na práctica, xa que para comprobalo sería necesario analizar mostras de uso reais. En calquera caso, repárese en que continúa a tratarse de exemplos pertencentes ao ámbito educativo. Ademais, neste aspecto, practicamente non hai diferenzas entre os castelanfalantes e

5 Este tópico sobre o uso do galego en público por parte dos políticos, para “quedar ben”, é tamén recorrente no discurso sobre o proceso de normalización do galego (Iglesias 2002: 282-3).

os galegofalantes, nin entre o ámbito urbano e non urbano, xa que en todos os casos o seu uso queda restrinxido case en exclusiva á clase:

F: é utilizada no ámbito formal en clase e poucos sitios máis (G3: 8)

MOD: a ver contádeme algún exemplo con quen utilizaríades...

Ed: pois se tes que enviar un traballo por exemplo envíalo por correo escríbesllo ben escrito pero se estás falando cun por internet escríbeslle o máis rápido posible sin pararte nas faltas (G6: 11)

En cambio, se nos centramos nas situacións nas que non usan o estándar, concluímos que se dan dúas posturas claramente diferenciadas entre os castelanfalantes e os galegofalantes. Os primeiros, como non coñecen a variedade local da súa zona, porque non lles foi transmitida, só empregan a variedade estándar, e isto só ten lugar nas aulas, único ámbito de uso do galego para estes falantes. Así, fóra do contexto formal educativo non usan o estándar nin ningunha outra variedade de galego, senón que usan o castelán. Outra cuestión distinta é que defendan o uso do estándar galego tamén noutros contextos, que a eles non lles afectan.

Respecto aos galegofalantes, a maioría afirma non utilizar o estándar nos contextos coloquiais (ámbito familiar, local, etc.). Con todo, esta postura non é exclusiva, posto que algunhas informantes declaran tender a usalo sempre. Trátase dunha minoría: unha participante no G1 e dous no G2. No primeiro caso, a informante trata de empregar o estándar, que ela chama “o correcto”, co obxectivo de mellorar a súa expresión para cando teña que usar o galego en situacións formais: “L.: eu intento ser máis correcta posible [...] porque despois [...] queres escribir nun documento formal e non lle vou poñer e: expresións que uso aquí na miña zona pero sálenme solas” (G1: 10). No G2, unhas das participantes afirma que alterna o “castrapo” co “normativo”, tanto no galego como no castelán, e o seu compañeiro argumenta que intenta usar o estándar por pragmatismo, para asegurarse de que os demais o entenden, recorrendo de novo ao tópico da intercomprensión xa analizado na epígrafe 3.2.: “A.: máis ben castrapo pero tamén intento seguir utilizando o normativo nas dúas linguas / Al.: eu tamén intento utilizar sempre o normativo porque: o castrapo: ao mellor [non te entenden]>” (G2: 9).

Porén, fóra dos contextos formais, a maioría dos galegofalantes que participaron nos grupos manifesta preferir as súas variedades locais, como declaran, por exemplo, no G1 (rural mixto), ante a pregunta do moderador: “Mod.: e: entón cando non é un documento formal en como preferides falar? M.: cas miñas expresións.”

Sexan partidarios ou non do emprego do estándar na fala cotiá, manifestan ser conscientes de que non o usan, xa que mesmo os informantes que no G1 e no G2 re-

coñecían intentar empregalo sempre, indican que non o conseguen debido a que sempre se lles “cola” algo non estándar, en referencia aos castelanismos léxicos. En calquera caso, a cuestión non é tanto se finalmente o conseguen ou non, senón a súa vontade de facelo, que nestes casos está clara, a pesar de recoñeceren que non acadan un estándar coa calidade que desexarían.

En definitiva, podemos dicir que en liñas xerais non hai diferenza entre os distintos grupos, como xa vimos antes, e que nin galegofalantes nin castelanfalantes, independentemente do lugar onde vivan, declaran usar practicamente nunca a lingua estándar, aínda que as razóns duns e doutros, como se apuntou, sexan diferentes. Os castelanfalantes, no caso de que usen o galego, só empregan o estándar (o único que coñecen), pero isto ocorre en escasas ocasións, en concreto, nun único contexto formal: a clase. Por outra parte, os galegofalantes escollen practicamente sempre a súa variedade local (con algunha excepción no G1 ou no G2), debido á asociación do estándar aos contextos formais e ao seu escaso contacto con estes. En efecto, os participantes cos que traballamos apenas se moven en ámbitos formais, salvo o escolar, polo que as posibilidades de usar a variedade estándar, restrinxida ao uso formal, se ven moi reducidas. De todos os xeitos, consideramos que, no caso dos galegofalantes, cómpre estudar a influencia do estándar nas súas producións lingüísticas coloquiais desde unha perspectiva empírica, tarefa que xa reivindicaba Rosario Álvarez no 2003 (163) e que continúa en gran medida pendente: “É hora de medir ata que punto a lingua cambiou nun ou noutro sentido como efecto (ou contraefecto) do modelo lingüístico difundido pola escola e polos medios”.

En relación coa conveniencia ou non de empregar o estándar en todas as situacións, xorde o tema da preocupación por que desaparezan as variedades locais, aspecto que aparece sobre todo nos grupos urbanos. Así, no G4 (urbano mixto), consideran que a variedade estándar vai ir substituíndo as variedades locais, debido a que a aprendizaxe do galego cada vez recae máis na escola e nesta o que se ensina é o estándar. Polo tanto, percibimos nesta postura a conciencia da ruptura do proceso de transmisión interxeracional do galego (Loredó 2015), que este perfil social vive en primeira persoa, posto que xa non recibiu o galego dos seus pais, séndolle transmitido unicamente no ámbito académico. A isto engádese o escaso uso que se atribúe ao galego estándar, de maneira que, na súa opinión, se desaparecen as variedades locais e só queda o estándar, que apenas ten uso, o galego pasará a ser unha lingua totalmente minoritaria: “as variedades de cada lugar irán desaparecendo porque se se di que hai que falar por exemplo en estándar... as formas locais pouco a pouco iranse deixando de lado entón a xente vale falará galego minoritariamente” (G4: 17).

Nos grupos non urbanos este tema acada menor relevancia, aínda que tamén se emprega o argumento de querer conservar o galego da súa zona como motivo para rexei-

tar o uso do estándar na fala espontánea coloquial: “pois eu todo o contrario prefiro falar o galego da miña zona pa que non se perdan esas expresións especiais dunha zona determinada e que a xente poida conocer as miñas expresións” (G1: 10).

Tralo rexeitamento a usar na fala cotiá a variedade estándar do galego, consideramos que subxace a vontade de evitar a uniformación que implicaría a súa extensión diatópica. En efecto, a implementación do estándar (segundo a terminoloxía de Haugen) pode implicar ou non o abandono por parte dos falantes dos seus dialectos, en favor desta variedade, considerada o dialecto principal e o ‘idioma elevado’. Nesta dicotomía que formulan Lamuela e Monteagudo (1996: 263), claramente os nosos informantes sitúanse maioritariamente na segunda opción, é dicir, ‘optan’ por non abandonar os seus dialectos, senón que se limitan a adoptar o ‘idioma elevado’ como variedade estilística. Polo tanto, a estandarización do galego non semella que estea a implicar necesariamente homoxeneización lingüística, pois os dialectos non-estándar conservan o seu espazo funcional fóra dos contextos formais. Deste xeito, semella difícil que, no noso caso, aconteza o proceso de nativización do estándar, polo menos de xeito xeneralizado, con excepción dos neofalantes que comezan a falar galego estándar. A isto engádesse o escaso uso do galego nas cidades, que en principio son os espazos máis susceptibles para que o estándar se converta en idioma nativo, sobre todo entre os falantes de clases medias e altas. Por suposto, isto non se pode establecer en termos estritos, de xeito que o proceso pode estar a ocorrer aínda que de forma máis lenta e gradual do que acontece noutros casos. Ademais, teríamos que estudar desde un punto de vista descritivo e partindo de mostras de falas reais, ata que punto e en que niveis lingüísticos (fónico, léxico ou gramatical) o estándar pode estar influíndo nas falas das clases medias e altas galegofalantes da nosa comunidade lingüística, é dicir, se se está a converter en sociolecto (variedade utilizada por un determinado estrato social), xa que na nosa investigación non tivemos en conta nin a variable clase social nin a idade. En calquera caso e á espera de futuras investigacións neste sentido, si podemos afirmar que no discurso metalingüístico dos nosos informantes o estándar galego é presentado como unha variedade estilística (estilo formal) e non como un sociolecto vinculado a determinado grupo de falantes. Neste caso, nin sequera aparece asociado ao grupo dos neofalantes, como sucede noutros estudos (Iglesias 2002, Ramallo 2010). Esta diferenza pode deberse ao perfil concreto da nosa poboación obxecto de estudo e, en concreto, á súa escasa idade e, en consecuencia, reducida experiencia vital e madurativa. Por suposto, tampouco se asocia o estándar galego con ningún dialecto xeográfico concreto, pois os nosos informantes, salvo algunha excepción xa comentada, si que manifestan unha clara conciencia de que se trata dunha variedade normativa resultado do compromiso de varios dialectos, “modelo polidialectal”, segundo a clasificación de Lamuela e Monteagudo (1996: 263), ou “composicional”, segundo Sousa (2003: 131).

## 6. Actitudes fronte ao estándar

### 6.1. Grao de identificación co estándar

Como xa analizamos con máis profundidade noutro artigo (Formoso, Iglesias e Rial 2017, sobre todo epígrafes 4.2. e 4.3.), en xeral, os informantes identifícanse co galego da súa zona, que eles adoitan denominar “castrapo”. Esta postura aparece máis acentuada naqueles que defenden o uso do galego-non estándar na súa vida cotiá, que, como sabemos, constitúen a maioría. Chegan a afirmar que o galego é o que falan todos e non o normativo e que por non falar o galego normativo non son menos galegos: “o galego é o idioma que falamos todos non o galego / que sexa / o /o normativo <3> EU por non falar completamente o galego normativo non é que non sea galega eu son galega porque falo galego o que me sale a min” (G1: 18). En contraste, a variedade estándar séntena como algo afastado da súa fala habitual, polo que o seu emprego lles supón un esforzo: afirman que para usala teñen que prestar atención, ou sexa, fixarse no que van dicir, o cal implica que “a falar contigo dunha cousa botamos tres horas [usando o estándar] e doutra maneira acabábamnos en quince minutos”, “tes que buscar a palabra” (G7: 29). Isto entra en relación sempre con determinado vocabulario que lles resulta alleo (“a min dinme o desparafusador e quedome como estaba [risas]”, G7: 11) e, aínda que non é unha postura xeneralizada, encontramos un informante que chega a cuestionar por que unhas palabras son aceptadas no estándar e outras non: “M: [...] entón estaría mal dito tenedor pero si: por que? está porque: eu que sei a academia dixo que fora así ou puxéronse esas normas para: lingüísticas para que se falara así pero.” (G5: 8). Polo tanto, para eles empregar o estándar é pouco práctico e incluso pode ser obxecto de crítica por parte dos seus iguais, xa que non é o galego do seu contorno e o seu uso supón un comportamento marcado. Así, no G7 aclaran que eles non falan o normativo, porque eles non son profesores e que se entenden á súa maneira:

“o que falo / o que falamos nós é mellor porque o fala máis xente” (G7: 12)

“se falas tal cual como ten que ser o gallego tamén te critican / ao final” (G7: 7)

“nós non falamos o galego normativo como supuestamente se ten que falar/ non vamos nós non somos profesores nin nada/ nós entendémonos á nosa maneira” (G7: 8)

Con respecto aos castelanfalantes dos grupos urbanos, G3 e G4, e en menor medida a aqueles individuos castelanfalantes doutros grupos, hai que ter en conta que a única variedade que coñecen é a estándar, polo que non poderían identificarse con ningunha das variantes locais, xa que estas lles son descoñecidas. Nestes castelanfalantes a



escoilla non é entre galego local e galego estándar, senón entre galego (que no seu caso só pode ser estándar) e castelán. No caso do G3, grupo totalmente castelanfalante, sitúan o estándar nun nivel tan distanciado que consideran que pode provocar falta de comprensión: “no na lingua oral no: porque se unha xente a xente da túa zona si la gente de tu zona habla el gallego del de esa zona si tu les hablas en la variedad estándar prácticamente no te van a entender entonces es mejor desenvolverte en la variedad de tu zona” (G3: 14). Isto entra en contradición coa visión da necesidade do estándar como variedade que permite a intercomprensión entre os falantes de diferentes zonas xeográficas.

En calquera caso, tal como apuntabamos antes, a identificación nunca é co galego estándar. No caso dos galegofalantes, porque escollen o galego local e, no caso dos castelanfalantes (urbanos), porque para eles a lingua que funciona como símbolo identitario é o castelán.

A pesar de os galegofalantes se identificaren co galego local, este é valorado como menos correcto có galego estándar, aínda que con matices. De feito, nesta cuestión os informantes elaboran un discurso en ocasións contradictorio, pois o galego correcto remite en primeiro lugar e sen dúbidas ao estándar, pero ao mesmo tempo reivindicán que isto non significa que o que eles falan sexa incorrecto.

Por exemplo, no G5 e G6 definen o estándar como o galego dos libros, o axustado ás normas ortográficas e á gramática e, desde este punto de vista, é o “correcto”. Isto, no entanto, non implica que o consideren superior nin máis lexítimo (palabra esta introducida polo moderador), aínda que si recoñecen que eles na súa fala empregan moitas interferencias do castelán (castelanismos) e que deberían prescindir delas, pero que en liñas xerais non o fan. Cualifican o estándar como un “galego con máis base”, fronte ao galego local, que para eles sería o “bo galego”, por ser o habitual, o de sempre. Cando se lles pregunta se falan peor galego que os que empregan o estándar, a resposta é negativa: “eu penso que cada galego que fale cada persoa está ben falado”, “cada un que fale o que queira que eu quedo co meu galego non está mal falalo” (G6: 7). En consecuencia, rexeitan a obrigatoriedade de usar o estándar na súa fala espontánea: “e se estamos orgullosos deso non teñen por que vir nadie a decirnos que cambiemos” (G6: 7).

Do mesmo xeito, no G4 e no G7 caracterizan o estándar como “máis culto” ou “máis elevado”, mais ao mesmo tempo critican que se considere o que eles falan como incorrecto, porque non coincida co estándar. Rebélanse contra esta postura e insisten na idea de que non hai un galego mellor que outro, aínda que logo non son capaces de librarse desta dicotomía, que queda patente nas propias denominacións que utilizan para se referir ás dúas variedades: “normal”, “máis cerrado”, “máis bruto” ou

“galego da nosa zona”, fronte ao estándar, ao que denominan “gallego formal” ou “gallego normativo” ou mesmo “supercorrecto”. A idea que teñen de que é o galego correcto probablemente se deba a que nas clases son corrixidos habitualmente, o que os leva a ter a sensación de que hai unha variedade de lingua superior a outra, posto que a deles é a que se corrixe. No G4 (urbano mixto), un dos informantes, que acaba asumindo o liderado do grupo, presenta explicitamente as correccións do profesarado como un aspecto negativo, debido a que transmiten a idea de que o galego que cada un aprendeu a falar non é o correcto: “pois a verdade é que ten factores negativos porque chegarse a / por exemplo hai que che din que cando falas ti non é correcto e non ten por que non ser correcto é simplemente como aprendiches a falar ti galego che din ó millor un castelanismo ou que sei que unha palabra non se (pronuncia) así” (G4: 5).

De todos os xeitos, como xa vimos, os nosos informantes defenden claramente o uso do estándar en determinados contextos, do ámbito formal, así como a súa necesidade como instrumento de cohesión da lingua, que facilita a intercomprensión entre todos os falantes. Porén, non acaban de aceptar o padrón de corrección que supón o estándar, polo menos á hora de aplicalo á súa propia fala. Non rexeitan a variedade estándar, senón que nin se cuestionan empregala nos seus usos cotiáns da lingua. Esta postura recorda ás palabras dos lingüistas que conciben a variedade estándar no nivel estilístico. Por exemplo, Lamuela e Monteagudo (1996: 260, 265) afirman:

los juicios sobre las variedades o las variantes lingüísticas acostumbran a expresarse en términos absolutos de ‘corrección /incorrección’, aunque probablemente sería más exacto hacerlo en términos relativos de ‘adecuación / no adecuación al contexto o función x’. Los contextos que tienen una importancia crucial para la estandarización son los de comunicación formal, y especialmente la escritura. (...) La relación entre el estándar y las variedades es tal que éstas están subordinadas al estándar, o sea, que en una serie de situaciones ‘formales’, el uso de ciertas formas lingüísticas es rechazado tomando el estándar como patrón de corrección.

## 6.2. Críticas ao estándar

Polo que respecta ás críticas ao estándar, si volven aparecer algunhas das tradicionais, aínda que agora de forma minoritaria, como que as “normas están cambiando cada dos por tres” (Iglesias 2002: 225). Os cambios no modelo de norma criticanse só en dous grupos: G2 e G5. No G2 afirman que estes continuos cambios os levan a cometer erros de ortografía:

é que nós xa levamos non sei cantos cambios de normativa (...) tuvemos non sei cantas faltas de ortografía pero é que eu moitas das faltas son por tiles que antes poñíanse e agora non porque cambiaron a normativa ademais pa min sempre levou tilde e so de soamente tamén como en castelán pero resulta que non levan tilde ningunha das dúas entónces tamén eso (G2: 22)

Como vemos, o exemplo que ofrecen para explicar esa mudanza non é válido, aínda que si podería denotar un rexeitamento por ser diferente a norma galega da castelá, o que segundo eles lles crea confusión. En calquera caso, a raíz desta intervención, xorden outras voces que intentan minimizar a importancia dos cambios con argumentos como que a lingua “é algo cambiante” ou que o castelán tamén cambia, aínda que matizan que o problema no caso do galego é que se trata de cambios máis significativos e máis frecuentes: “non son cambios tan significativos [os do castelán] como na lingua galega pero si cambios claro que hai nas reais academias están sempre sacando regulamentos” (G2: 23). Porén, semella non seren conscientes de que esta maior percepción dos cambios no galego se debe, en gran parte, ao recente do seu proceso de estandarización.

No G5 é onde máis claramente se refiren á falta de fixación e unidade da norma galega, que atribúen a un intento de diferenciación do castelán: “pero o que ten que ver é que todos os colegios e toda a lingua fálese igual non que neste colegio cun profesor fale así vamos a coller o libro que se fala así e falar así todos (G5: 11)”. Segundo a súa perspectiva, isto provoca que ao final non entendan nin os de agora nin os de antes e xéralles inseguridade: “tanto que lo cambian se nos escapan las palabras”. En calquera caso, nos seus discursos non aparecen referencias ao debate normativo, que para eles pertence ao pasado. En cambio, esta cuestión si aparecía nos estudos previos (González 2003: 87), polo menos, entre os informantes con estudos superiores, que manifestaban “sensación de caos e falta de normalidade”, debido a recibiren por exemplo clases en galego lusista nuns casos e noutros na norma oficial (Iglesias 2002: 226).

Pero, sen dúbida, a crítica máis estendida é a estrañeza que provoca determinado léxico estándar, cuestión que aparece así mesmo en todos os estudos previos. Esta idea das palabras que ninguén usa aparece por exemplo no G7 (grupo rural). Trátase de léxico que non forma parte do seu galego ou do que chaman galego común, que para eles é o que falan habitualmente: “nadie fala con esas palabras tan como do gallego normativo [...] eu tampouco me enteraría porque ao non estar como dicir no: na fala común ou así pois” (G7: 35).

En cambio, só nun caso moi concreto un castelanfalante trae a colación o prexuízo da norma do galego como un idioma inventado que non se debe impoñer aos

galegofalantes de sempre, prexuízo que nas investigacións anteriores estaba moi presente. En palabras de Formoso (2013: 65), “dúas son as pexas fundamentais que lle achacan [ao galego normativo], que no fondo son as que pairan sobre toda a sociedade: a) A norma é inventada e está moi distanciada do que eles falan. 2) O seu uso é marca de ‘ideoloxía nacionalista’”. Con respecto a esta última, non se menciona en ningún momento ao longo dos nosos grupos, pois tampouco se refiren aos neofalantes, grupo ao que se asocia principalmente esta ideoloxía, así como o uso da variedade normativa (O’Rourke e Ramallo 2013: 288-289 ou Ramallo 2010: 35). Canto á visión da norma como inventada, no noso caso, trátase dunha apreciación minoritaria no conxunto xeral e ademais procedente do único grupo totalmente castelanfalante (G3: 29):

RM: yo creo que alguien que habla toda su vida en gallego no tiene porque aprender gallego yo creo que el gallego normativo ya que es algo que debería recoger un poco todos los dialectos porque básicamente no se pue-/ alguien no se puede inventar un idioma y pretender que la gente que está en ese lugar aprenda ese idioma

Neste mesmo grupo tamén se critica o estándar por ser unha variedade moi distinta da lingua falada, aspecto que tamén recollían González (2003: 86) ou Formoso (2013: 65). Arguméntase que por este motivo resulta imposible falala e faise fincapé na diversidade do galego, no diferente que é o galego dun sitio con respecto ao doutro, o cal se atribúe precisamente a que non hai un estándar totalmente claro: “V: [...] cuando vine para Pontevedra todos los profesores me decían que tenía muchas contaminaciones [...] y eso es señal de que [...] no hay un estándar completamente claro” (G3: 9). Hai que ter en conta que esta crítica corresponde a un informante castelanfalante, residente en Pontevedra, pero que mantén lazos con familiares galegofalantes doutra zona de Galicia (os avós), o cal lle permite comparar esta lingua que el coñece, aínda que non está en contacto diario con ela, co estándar que recibe nas aulas, o que lle acaba provocando inseguridade. Ademais, trátase dun informante que manifestou fortes prexuízos cara ao galego.

En definitiva, salvo algunha excepción, como a que acabamos de presentar, non parece que a necesidade de fixar o estándar supoña unha preocupación para os membros dos diferentes grupos. De feito, só xorde nalgúns de forma tanxencial, o cal indica que non é unha cuestión de primeira orde para eles. Nos que si aparece, salvo nalgún caso que xa se comentou, non se trata tanto a necesidade de fixar un estándar como si da necesidade mesma do estándar. Esta resposta é novidosa, se a comparamos coas respostas que se obtiñan hai anos ante esta mesma cuestión. Talvez, porque estes entrevistados non coñeceron realmente cambios profundos na normativa nin viviron esa situación de enfrontamento normativo que podía interpretarse como

unha sensación de provisionalidade. Tamén, porque posiblemente este alumnado presente un coñecemento do estándar mellor que o dos seus predecesores, aínda que inferior ao do castelán, de aí que continúen a amosar maior inseguridade con respecto ao estándar galego.

En case todos os grupos hai algunha crítica ao estándar, pero non á necesidade desa variedade como tal, senón a algunha das súas características concretas, como acabamos de apuntar. En efecto, queda claro que non se cuestiona a existencia dun estándar para o galego, nin tampouco, en xeral, o modelo de estándar escollido, como ilustra o seguinte extracto:

Mod: entón como vedes o galego normativo? porque hai xente que opina que ao mellor o galego normativo non vale para nada que é un invento dos lingüistas que ao que viñeron foi a complicarnos a vida non? =

A.: = non o que pasa é que querían xuntar todo o galego porque depende das zonas fálase con gheada ou non aquí entón para xuntar algo tiveron que crear o normativo si non (...)

A.: xa claro pero antes... eu penso que o crearon para eso para que puidéramos xuntar todos

Al.: tamén hai algunhas palabras que non se dicen igual en cada zona

A.: claro

Al.: depende da zona =

P.: = pero eso en castelán tamén pasa

Al.: claro, pero por eso o castelán tamén ten o nor- normativo / paréceme normal que fixeran un galego normativo cunha base común que... (G2: 3)

En cambio, si continúan as críticas ao galego da televisión, que cualifican como “forzado”, moi marcado ou que xa non falan en galego senón en castelán. Parécelles forzado porque, segundo eles, non lles sae natural: “e logo a xente que fala na televisión de galicia [...] fala o galego mui mui forzado (G1: 16)”. A isto súmase o emprego do vocabulario normativo que lles provoca estrañeza e que aumenta aínda máis esa percepción de galego distanciada da realidade (“non creo que ninguén diga faciana [risas]”, G1: 18). A crítica ao galego da televisión tamén aparece no G2. Para este grupo, o “galego da tele” non constitúe un modelo de lingua, xa que lles parece un galego mal falado. Considérano artificial, aínda que hai que ter en conta que este cualificativo emprégao por primeira vez a moderadora. Ademais críticano porque pretende ser normativo pero non lles sae.

P.: = as novas de antena3 ou de tele5 ou calquera canal en castelán e ves que falan e o xornalista e todo eso pero falan normal o castelán home culto e tal o castelán tan no telediario e non poden pero non se non se lles nota moi forzado

pero sin embargo na galega non sei ás veces parece que:/ cóstalles entón eu digo bueno pois mellor intentar falar normativo pero se aí che poñen palabras e vas estar así pa dicilas pois... (G2:18)

De todos os xeitos, non estamos tanto ante unha crítica ao galego normativo, senón ao uso específico que se fai del por parte dos mass media, en concreto, da televisión. A pesar disto, non podemos infravalorar a súa importancia, xa que, como sabemos, no proceso de difusión do estándar este medio acadou gran relevancia e, comprobamos de novo, despois de máis de 40 anos de existencia, que segue sen desempeñar satisfactoriamente o papel para o que foi creado. As críticas na bibliografía son abundantes e repetidas (Dobao 1993 ou Regueira 2013). Segundo o estudo actitudinal do Observatorio da Cultura Galega (2012: 43), “case a metade da poboación galega (o 48,1%) considera que a lingua galega empregada na TVG resulta artificial”. A cuestión require un tratamento específico e máis profundo do que aquí lle podemos outorgar, mais si estamos en disposición de afirmar que, neste caso, a imaxe social apenas cambiou desde os primeiros estudos levados a cabo no noso contexto, de xeito que, como naquela altura, a lingua da televisión continúa a ser percibida como “forzada”, cualificativo este mesmo que aparecía xa nos estudos de anos atrás (Iglesias 2002: 210), aplicado igualmente á lingua galega utilizada no ente audiovisual público.

Polo tanto, mantense a percepción do “galego da tele” como pouco natural, pero asistimos a un cambio na súa valoración, pois os nosos informantes, precisamente por este motivo, desvincúlano do galego normativo. Desde o seu punto de vista, e en contraste con estudos previos, os locutores non representan a variedade normativa da lingua. En efecto, no discurso actual dos adolescentes non encontramos a vinculación que aparecía en estudos anteriores entre o galego normativo e os locutores de televisión (Iglesias 2002: 207), xa que, como acabamos de comentar, non os consideran modelos de corrección lingüística e, polo tanto, tampouco representantes da variedade estándar. Por conseguinte, rómpese agora a asociación deste galego co estándar, o que parece un cambio importante, sobre todo porque ao consideraren antes os locutores como máximos representantes do galego normativo, esta variedade acababa asociada a un galego con pronuncia castellanizada, o que aumentaba o distanciamento con respecto ás demais variedades (galego tradicional ou local) e acentuaba polo tanto o estrañamento, dificultando a difusión e aceptación do estándar por parte dos falantes. Naquela altura afirmabamos: “os actores sociais identifican o galego estándar ou normativo coa variedade lingüística utilizada nos medios de comunicación [sobre todo o da televisión], e esta, á súa vez, co galego castellanizado (no nivel fónico)” (Iglesias 2002: 212). Identificación que agora, máis de dez anos despois, xa non detectamos, máis ben ao contrario, rexéitanse os locutores como posibles modelos do galego estándar.

Do mesmo xeito, entre os nosos informantes tampouco aparece a vinculación entre estándar e neofalantes. En efecto, este tema só xorde a iniciativa do moderador e, ante a pregunta deste, chegan a afirmar que descoñecen a que se refire. Isto reforza aínda máis a concepción do estándar como variedade situacional ou estilística, xa comentada, é dicir, percibida como unha variedade adecuada a determinados usos e contextos, bastante restrinxidos no seu caso, pero non asociada a grupos de falantes concretos (nin locutores de televisión nin neofalantes), polo tanto, non como un sociolecto. Como sinalamos na epígrafe 5.1., tampouco o galego dos políticos é aceptado como modelo. Deste xeito, xorde o problema de que os nosos informantes quedan sen referentes dun estándar oral da lingua, a non ser, nalgúns casos, os profesores de galego, motivo polo cal, como xa dixemos, o galego normativo acaba restrinxido para eles á escrita e ao ámbito exclusivamente académico. En relación con isto, Regueira (2013) denuncia precisamente a inexistencia de modelos da variedade estándar do galego na nosa sociedade, debido á súa pronuncia castelanizada, tanto no ámbito da televisión e aínda máis na actividade política, denuncia que os nosos informantes parecen ratificar. Isto equivale á inexistencia dun estándar oral para a nosa lingua, pois como explica este autor:

A lingua oral, aínda sendo estándar, presenta un menor grao de fixación, e sobre todo nunca está codificada de maneira explícita como unha “normativa” que hai que seguir de maneira necesaria para, por exemplo, falar en público. (...) Normalmente a pronuncia da lingua estándar preséntase como a descrición dun determinado modelo de lingua. (Regueira, 2013: 3-4)

## 7. Conclusións

Constatamos a desaparición de varios mitos e prexuízos, ademais dun considerable coñecemento sobre esta cuestión. En efecto, o alumnado que participou na investigación demostra ter un concepto bastante claro do que é unha variedade estándar. Así, defínea como unha variedade supradialectal que debe ser usada nos contextos formais e na escrita. Ademais, xa non encontramos, máis que en casos illados, tópicos moi comúns hai poucos anos, como o do estándar como unha invención sen fundamento ou unha norma que está cambiando continuamente. Do mesmo xeito, no discurso dos nosos informantes aparece superado o debate normativista, ao cal puido contribuír, entre outros factores, a denominada normativa de concordia. Actualmente, o emprego da norma oficial pola maioría dos sectores sociais (medios de comunicación, editoriais, publicidade etc.), conseguiu que fose a única norma coñecida polas novas xeracións, que a perciben polo tanto como unha norma única e fixa. Ningún informante en ningún momento sacou a colación o debate normativo nin se referiu á existencia de normas paralelas e, neste sentido,

cómpre recordar que na análise do discurso non só importa o que din os informantes, senón tamén o que non din. Por suposto isto non quere dicir que non sigan existindo na nosa sociedade grupos ou individuos que opten por outro modelo normativo, senón que este tipo de posicionamentos non chega á xeneralidade do alumnado medio galego. Lembremos que se trata de estudantes de 4º da ESO.

Non obstante, o anterior non implica que poidamos falar dun grao de interiorización do estándar elevado. Máis ben ao contrario: na outra cara da moeda atopamos que este mesmo alumnado, pouco crítico co modelo normativo, que acepta sen maior contestación, en cambio non o acaba de asumir como unha variedade propia, no sentido de identificárense con ela. Non encontramos, como si ocorría en épocas pasadas, “conflicto identitario entre o galego que perciben como estándar e a súa variedade dialectal” (González 2003: 87), pero tampouco identificación co estándar, de xeito que son as variedades locais as que continúan a funcionar como símbolo identitario e de pertenza grupal. Trátase da concepción do estándar como unha variedade estilística e situacional, que se presenta como complementaria das variedades dialectais, mais non se acepta que as substitúa nos contextos non formais. Polo tanto, o estándar galego non cumpre actualmente a función simbólica, senón que a súa función se limita ao valor instrumental ou estilístico, isto é, ferramenta para ser usada en determinados contextos, por outra parte de uso moi escaso nas súas vidas cotiás.

Volvemos polo tanto á importancia da diferenza situacional. Como xa apuntamos, polo menos nesta franxa etaria, na súa vida cotiá utilizan a lingua sobre todo en contextos coloquiais, que, en consecuencia, non só non requiren o uso da variedade estándar, senón que o seu emprego nestes casos non se considera adecuado. Lembremos aquí o criterio de adecuación tan importante para a pragmática e a competencia comunicativa (competencia sociolingüística: saber adecuarse ao ámbito e situación comunicativa). Por outra parte, os contextos que si corresponderían ao uso do estándar, moitas veces están ocupados polo castelán, dada a situación de lingua non normalizada que aínda vive o galego, como poden ser o consultorio médico, o despacho da dirección dos centros ou os medios de comunicación, sen ir máis lonxe. En definitiva, o feito de dispoñer de tan escasos contextos onde entrar en contacto co galego estándar e poder levalo á práctica provoca que resulte aínda unha variedade afastada.

Neste sentido temos que reflexionar sobre como estamos levando a cabo a transmisión e o labor de ensino-aprendizaxe do estándar nas aulas, pois quizais o enfoque tan “correctivo” estea provocando o efecto contrario do desexado, é dicir, falta de identificación e inseguridade no seu uso. Segundo a forma en que corriamos os castelanismos léxicos e outros trazos que o alumnado utiliza na súa



vida cotiá podemos estar transmitindo a idea de desprezarmos o seu xeito de falar, que lles foi transmitido no ámbito familiar. Debemos ter en conta que no interior dunha lingua sempre hai diferentes formas de falar e unhas non teñen por que ser superiores a outras desde un punto de vista lingüístico, aínda que, como estamos a ver, si se perciben así no imaxinario colectivo. En consecuencia, consideramos que cómpre mudar o enfoque e a maneira de transmitir o estándar entre o alumnado, indicándolle que eses termos e/ou trazos non son adecuados nesta variedade e que, polo tanto, deben evitalos nos rexistros formais da lingua. Isto é, debemos deixarlles claro cales son os termos e/ou trazos aceptados no estándar e cales non, así como a importancia de coñecer esta variedade, para poder empregala cando o contexto o requira, pero sen que isto supoña a minusvaloración das súas variedades locais.

## Referencias bibliográficas

- Álvarez, R. (2003): “A gramática galega”, en H. Monteagudo e X. M. Bouzada (coords.), *Elaboración e difusión da lingua*, 131-164 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Callejo, J. (2002): “Grupo de discusión: la apertura incoherente”, *Estudios de Sociolingüística* 3,1,91-110.
- Dobao, X. A. L. (1993): “A lingua galega e a TVG: situación actual e propostas para unha nova política lingüística (I)”, *Cadernos de Lingua* 7, 27-44.
- Fernández, B. e H. Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, 99-176 (Vigo: Galaxia).
- Formoso Gosende, V. (2013): *Do estigma á estima: Propostas para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Xerais.
- Formoso, Valentina / Ana Iglesias / Ana Rial (2017): “Percepción do alumnado galego ante as variedades dialectais propias e alleas”, *Verba* 47, 231-270.
- González González, M. (2003): *O galego segundo a mocidade* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Haugen, E. (1972): *The Ecology of Language* (Stanford, California: Stanford University Press).
- Iglesias Álvarez, A. (2002): *Falar galego: “no veo por qué?”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia* (Vigo: Xerais).
- Iglesias Álvarez, A. (2016): “Castelanismos e galeguismos. A súa relación co estándar”, *Estudios de lingüística galega* 8, 107-125.

- Lamuela, Xavier e Henrique Monteagudo (1996): “Planificación lingüística”, en M. Fernández Pérez (coord.), *Avances en lingüística aplicada*, 229-302 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Loredo Gutiérrez, Xaquín (2015), “Aproximación á situación sociolingüística en Galicia. A evolución da transmisión lingüística interxeracional do galego”, *Letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino*, 6. [http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art3\\_n6.html](http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art3_n6.html). Consultado o 15/7/2016
- Monteagudo, H. (2003): “A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego”, en H. Monteagudo e X. M. Bouzada (coords.), *Elaboración e difusión da lingua*, 37-130 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Moreno Cabrera, J. C. (2010): *O nacionalismo lingüístico* (Cangas do Morrazo: Morgante).
- Moreno Fernández, F. (2009): *La lengua española en su geografía* (Madrid: Arco/Libros).
- Muljačić, Žarko (1999), “Estandarización de linguas románicas ‘baixo presión’: unha proposta tipolóxica”, en F. Fernández Rei (coord.), *Estudios de Sociolingüística Románica*, 11-26 (Santiago de Compostela: Servicio de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela).
- Observatorio da Cultura Galega (2012): *A(s) lingua(s) a debate. Inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega*. (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- O’Rourke, Bernadette / Fernando Ramallo (2013): iCompeting ideologies of linguistic authority amongst new speakers in contemporary Galicia?, *Language in Society* 42, 287-305.
- Ramallo, F. (2010): “Cara a unha tipoloxía sociolingüística dos falantes de galego”, en B. Silva Valdivia, X. Rodríguez Rodríguez e I. Vaquero Quintela (coords.), *Educación e linguas en Galicia*, 15-38 (Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela). Dispoñíbel en <http://hdl.handle.net/10347/2247> [consult. 1.12.2016].
- Regueira, X. L. (1994), “Modelos fonéticos e autenticidade lingüística”, *Cadernos de lingua*, 10, 37-60.
- Regueira, X. L. (2013): “Estándar oral e modelos de lingua”, *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino* 2, 1-23. Dispoñíbel en [http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2\\_n2.html](http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html) [consult. 25.11.2016].
- Ruiz Olabuénaga, J. I. (2012): *Metodología de la investigación cualitativa* (Bilbao: Universidade de Deusto).

- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).
- Sousa Fernández, X. C. (2003): “Léxico dialectal e estandarización”, en , María Álvarez de la Granja / Ernesto X. González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*, 129-146 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega).
- Suárez Quintas, S. (no prelo): “‘O galego non é o ghallego que falamos nós’: a percepción e as actitudes como condicionantes do cambio lingüístico”, en E. Fernández Rei e X. L. Regueira (eds.) *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega).

